

Orde do 18 de xuño de 2004 pola que se convocan premios á innovación educativa e a experiencias de promoción de condutas tolerantes e de mellora da convivencia realizados por profesorado de centros públicos dependentes desta consellería.

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro), de calidade da educación, establece no seu artigo 1 os principios de calidade do sistema educativo, entre os cales están o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa; a capacidade de transmitir valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade social, a cohesión e mellora das sociedades, e a igualdade de dereitos entre os sexos, que axuden a superar calquera tipo de discriminación, así como a práctica da solidariedade, mediante o impulso á participación cívica dos alumnos en actividades de voluntariado; e a participación dos distintos sectores da comunidade educativa, no ámbito das súas correspondentes competencias e responsabilidades, no desenvolvemento da actividade escolar dos centros, promovendo, especialmente, o necesario clima de convivencia e estudo.

A calidade da educación depende en gran medida da capacidade do profesorado e do sistema educativo para renovarse de acordo coas novas demandas sociais, as circunstancias sempre cambiantes do alumnado, os novos coñecementos científicos e didácticos e os correspondentes métodos e instrumentos utilizados.

É competencia dos centros educativos o desenvolvemento dos deseños curriculares base, tanto nos seus proxectos como nas súas programacións de aula. Neste marco faise necesario impulsar a innovación educativa e recoñecer o traballo realizado polo profesorado que, individual ou colectivamente, está a levar adiante prácticas educativas innovadoras.

Por outra parte, os decretos 374/1996, do 17 de outubro, 324/1996, do 26 de xullo e 7/1999, do 7 de xaneiro, establecen, respectivamente, o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e a implantación e regulación dos centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias na Comunidade Autónoma de Galicia, faise referencia expresa ao Regulamento de réxime interior, que deberá ter en conta, entre outros aspectos, o referido ás normas de convivencia que favorezan as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.

Así mesmo, o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a posterior normativa que o desenvolve, establecen a necesidade de potenciar a implantación de programas e actuacións que favorezan as relacións sociais e o clima de convivencia nos centros educativos, implicando a toda a comunidade educativa no seu desenvolvemento.

Esta orde ten por finalidade establecer a convocatoria no ano 2004 dos premios á innovación edu-

cativa, unificando as que foron realizadas en 2003 a través da Orde do 2 de xuño de 2003, pola que se convocaron premios á innovación educativa, e a Orde do 2 de xuño de 2003, pola que se convocaron premios a experiencias e proxectos de promoción de condutas tolerantes ou de mellora da convivencia realizados por profesorado de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estando previsto que se convoquen en vindeiras datas, a través dunha norma específica, os premios á innovación educativa nos temas transversais do currículo.

En consecuencia co anteriormente exposto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta orde é a convocatoria de oito premios á innovación educativa e a experiencias de promoción das condutas tolerantes e de mellora da convivencia realizados por profesorado de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así mesmo, poderase conceder ata un máximo de cinco accésits, sen dotación económica, se a calidade dos traballos presentados e non premiados así o permite, a xuízo do xurado.

Artigo 2º.-Dotación económica.

Os premios aos que se alude no artigo anterior estarán dotados economicamente segundo a seguinte distribución:

- 1 primeiro premio de 5.000 euros.
- 2 segundos premios de 2.500 euros.
- 5 terceiros premios de 2.000 euros.

A cantidade total destinada a premios é, polo tanto, de vinte mil euros, e o seu pagamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.323A.640.1 unha vez realizada a retención correspondente.

Artigo 3º.-Temas.

Poderán optar aos premios os traballos realizados por docentes e experimentados nas aulas que supoñan innovacións curriculares, metodolóxicas ou organizativas.

Valoraranse especialmente os traballos relacionados con experiencias de promoción de condutas tolerantes e de mellora da convivencia nos centros, así como os relacionados con experiencias de atención ao alumnado procedente do estranxeiro, integración de minorías étnicas ou de educación intercultural.

Artigo 4º.-Características dos materiais.

1. Os materiais poderanse presentar impresos en papel ou en soporte magnético para facilitar a súa consulta en diferentes ordenadores servidores de información da rede internet ou facendo uso deles nun ordenador persoal.

2. Os traballos presentados en soporte magnético (CD-ROM) estarán realizados con tecnoloxía que permita a súa visualización nun navegador estándar. As aplicacións incluírán todos os arquivos necesarios para a resolución da actividade fóra de liña, cos seus correspondentes textos, enlaces, gráficos e

arquivos multimedia. Polo tanto, non se valorarán os traballos que inclúan módulos, librarías, subprogramas ou análogos aos que se deba acceder a través da internet.

3. As aplicacións destinadas ao uso en liña executaranse a partir dunha páxina denominada index.htm que servirá de inicio. Non deberán empregarse letras maiúsculas, acentos, espazos en branco nin outros caracteres especiais nos nomes de ningún dos arquivos (ou carpetas) incluídos nas aplicacións, sexan páxinas, imaxes ou de calquera outro tipo.

Artigo 5º.-Requisitos das solicitudes.

1. Poderán participar nesta convocatoria, a título individual ou en grupo, os profesores dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que estean en activo e impartan ensino nos niveis non universitarios.

2. Os traballos que concorran deberán ser orixinais, inéditos (ou polo menos non comercializados) e non premiados ou polos que se obtivera bolsa con anterioridade, nin sufragados pola Xunta de Galicia ao abeiro doutros programas.

3. Os concursantes deberán presentar o traballo por triplicado (agás aqueles materiais que sexan de reprodución difícil con medios convencionais), no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través das distintas delegacións provinciais ou polas canles establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de proceder ao envío certificado por correo, a instancia que debe acompañar o traballo estará datada e cuñada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

No caso dos traballos presentados en soporte magnético, o programa ou conxunto de programas en CD-ROM estarán claramente etiquetados e irán acompañados dos correspondentes manuais, en papel e en formato electrónico de Microsoft Word, Corel WordPerfect ou versión en RTF, que incluírán os seguintes puntos:

-Requisitos de hardware e software e procedemento de execución da aplicación.

-Guía do profesor, con exposición dos obxectivos educativos que se pretenden, indicación das actividades que se propoñen e dos aspectos curriculares nos que se incide.

-Guía detallada da utilización da aplicación polo alumno.

-Descrición, se procede, doutros materiais complementarios (escritos, gráficos, audiovisuais, etcétera).

4. Os traballos deberán ir acompañados da seguinte documentación:

a) Instancia dirixida ao director xeral de Centros e Ordenación Educativa, asinada polo autor ou, se é o caso, polo coordinador responsable do grupo de traballo, segundo o modelo do anexo I desta orde. Nela deberá constar con claridade un enderezo de correo electrónico para as comunicacións pertinentes.

b) Certificación do director do centro educativo no que estea destinado cada profesor, e que deberá

incluír o DNI e NRP, acreditativa de que o autor ou cada membro do grupo de traballo presta os seus servizos como persoal docente no devandito centro ou de que estivo destinado neste durante a realización da experiencia.

c) Memoria descritiva da experiencia educativa, dunha extensión máxima de 20 folios (escrita en fonte courier de 12 puntos e con espazado de 1,5 e sen comprimir os caracteres), que se axustará ao esquema establecido no anexo II.

d) Resumo da experiencia nun máximo de dous folios a dobre espazo.

e) Anexos de descrición dos traballos ou actividades realizados polos alumnos durante a experiencia, se procede.

f) Declaración xurada ou promesa de estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade da experiencia, materiais ou produtos presentados, de que son inéditos ou, polo menos, non foron comercializados, e de que non foron premiados ou se obtivo bolsa por eles con anterioridade, nin sufragados pola Xunta de Galicia ao abeiro doutros programas.

g) Cada participante debe achegar unha copia compulsada do seu DNI e unha certificación bancaria de que é titular da conta declarada na solicitude.

5. No caso de que os autores non dispoñan da plena titularidade dos dereitos do traballo presentado terán que achegar un escrito asinado polos posuidores deses dereitos declarando a aceptación das bases deste concurso, con mención explícita ás condicións que figuran no artigo 12 desta orde.

O feito de que un produto necesite facer uso para o seu funcionamento de software comercial e/ou os seus dereitos para a súa distribución non poidan ser cedidos polo concursante será motivo suficiente para a súa exclusión do concurso.

Artigo 6º.-Prazo de presentación.

O prazo de presentación dos traballos finaliza o 30 de outubro de 2004.

Artigo 7º.-Composición e funcións do xurado.

1. Os traballos que concursan e se axusten a esta convocatoria serán examinados e valorados por un xurado composto polos seguintes membros:

Presidente: o director xeral de Centros e Ordenación Educativa, ou persoa na que delegue.

Vicepresidente: o subdirector xeral de Ordenación Educativa.

Vocais: o subdirector xeral de Inspección Educativa, ou persoa na que delegue, o xefe do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa e o xefe do Servizo de Planificación Educativa.

Secretario: un funcionario ou funcionaria do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará con voz pero sen voto.

2. O xurado, se é o caso, poderá contar co asesoramento de especialistas así como con informes da inspección educativa solicitados previamente pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

3. Os premios poderán ser declarados desertos. Con carácter excepcional e por acordo motivado do xurado, o director xeral de Centros e Ordenación Educativa poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre algúns dos adxudicados.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

O xurado seleccionará os traballos tendo en conta, ademais do establecido no artigo 3º, os seguintes criterios:

-A coherencia coa normativa establecida pola Xunta de Galicia.

-A calidade e rigor científico, orixinalidade, concreción dos obxectivos formulados e coherencia interna.

-O carácter innovador, tanto pola creatividade e orixinalidade do deseño pedagóxico como pola metodoloxía e recursos implicados.

-A capacidade de ser transferido a outros contextos educativos para a súa utilización por outro profesorado e alumnado.

-Que contemplen un plan de avaliación axeitado para a comprobación da consecución dos obxectivos.

-Terase tamén en conta a calidade do deseño e a presentación gráfica.

Artigo 9º.-Resolución.

1. O prazo máximo de resolución será de seis meses contados a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. A proposta de concesión de premios emitida polo xurado elevarase ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, para a súa resolución e publicación no *Diario Oficial de Galicia*, entendéndose desestimadas as solicitudes no caso de non resolverse neste prazo.

3. Contra esa resolución, que porá fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 10º.-Certificación.

A Administración Educativa recoñeceralle ao profesorado autor dos traballos premiados ou con mención de accésit, mediante expedición de certificado persoal, as actividades de innovación realizadas no marco desta convocatoria. Estas últimas terán, ao abeiro do punto 2 do artigo 25 da Orde do 3 de setembro de 2001, pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións (DOG do 10 de setembro), a consideración de actividades de formación permanente do profesorado.

Así, terase en conta para cada traballo a equivalencia de 50 horas, que nas autorías colectivas se distribuirán, segundo as porcentaxes declaradas na solicitude, entre o profesorado para o que se declare unha participación igual ou superior ao 10%, cunha certificación individual non inferior a 10 horas.

Artigo 11º.-Pagamento dos premios.

1. O pagamento do importe correspondente aos premios farase por transferencia bancaria a nome do autor ou autora se o traballo é individual. No caso de que sexa colectivo o pagamento farase a todos os integrantes do grupo segundo as porcentaxes de participación declaradas na solicitude.

2. Os premios estarán suxeitos á retención fiscal correspondente.

Artigo 12º.-Publicación.

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, a cesión a favor da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por un período de dous anos dos dereitos de edición, así como a renuncia aos dereitos de propiedade intelectual correspondentes a unha primeira edición.

No caso de que, nese período, os autores decidisen publicar os traballos premiados por outras vías, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio ou accésit de que foi obxecto.

Os autores quedarán comprometidos a autorizaren as modificacións precisas nos documentos finais ou subministrar os arquivos de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis adecuado.

Artigo 13º.-Retirada da documentación.

Os interesados ou os seus representantes legais poderán retirar a documentación dos traballos non premiados, na Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, no prazo de catro meses a partir da publicación da resolución desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o citado prazo procederase á súa destrución.

Artigo 14º.-Recurso.

Contra esta orde poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo prevé a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para ditar as disposicións necesarias no desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO PREMIOS Á INNOVACIÓN EDUCATIVA E A EXPERIENCIAS DE PROMOCIÓN DE CONDUTAS TOLERANTES OU MELLORA DA CONVIVENCIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED313C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

TÍTULO		
ETAPA	CICLO	

DATOS DOS AUTORES

AUTOR/A OU COORDINADOR/A	NÚMERO DE REXISTRO DE PERSOAL	NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL
ESPECIALIDADE	CONTA CORRENTE	
% DE PARTICIPACIÓN NO TRABALLO (*)	CORREO ELECTRÓNICO	

OUTRO PROFESORADO PARTICIPANTE

NOME E APELIDOS	NIF	N.R.P.
ESPECIALIDADE	CONTA CORRENTE	
% DE PARTICIPACIÓN NO TRABALLO (*)		
NOME E APELIDOS	NIF	N.R.P.
ESPECIALIDADE	CONTA CORRENTE	
% DE PARTICIPACIÓN NO TRABALLO (*)		
NOME E APELIDOS	NIF	N.R.P.
ESPECIALIDADE	CONTA CORRENTE	
% DE PARTICIPACIÓN NO TRABALLO (*)		
NOME E APELIDOS	NIF	N.R.P.
ESPECIALIDADE	CONTA CORRENTE	
% DE PARTICIPACIÓN NO TRABALLO (*)		
NOME E APELIDOS	NIF	N.R.P.
ESPECIALIDADE	CONTA CORRENTE	
% DE PARTICIPACIÓN NO TRABALLO (*)		

(*) A SUMA das porcentaxes individuais de participación debe ser 100%

DATOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN	MATERIAL QUE PRESENTA		
ENDEREZO			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO

Don/Dña _____, autor/a ou coordinador/a do traballo titulado _____, remite esta instancia xunto cos exemplares do traballo, a memoria, os anexos e as certificacións, co fin de participar nos premios á innovación educativa ou a experiencias de promoción de condutas tolerantes ou de mellora da convivencia convocados, para el año 2004, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 18 de xuño de 2004 pola que se convocan premios á innovación educativa e a experiencias de promoción de condutas tolerantes ou de mellora da convivencia realizados por profesorado de centros públicos dependentes desta consellería.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO II

Aspectos que se desenvolverán na memoria descriptiva para a solicitude de premios á innovación educativa e a experiencias de promoción de condutas tolerantes e de mellora da convivencia.

1. Datos de identificación:

1.1. Título.

1.2. Ámbito de aplicación do traballo:

-Centro/s.

-Rúa.

-Localidade.

-Provincia.

1.3. Delimitación do campo de traballo:

-Ciclos, cursos e áreas (segundo proceda).

1.4. Autor/a ou coordinador/a do traballo.

1.5. Datos persoais e profesionais do profesorado que intervén no traballo.

2. Deseño:

2.1. Xustificación do traballo.

2.2. Obxectivos.

2.3. Contidos.

2.3. Metodoloxía seguida.

2.4. Actividades realizadas.

2.5. Aspectos ou elementos avaliados e a súa incidencia na práctica docente.

2.6. No caso de participantes de varios centros:

-Mecanismos establecidos para a coordinación, intercambio de información e avaliación conxunta (segundo proceda).

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 15 de xuño de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial para o ano 2004 do convenio colectivo da empresa M^a Carmen Porto Diéguez.

Vista a acta da revisión salarial para o ano 2004 do convenio colectivo da empresa M^a Carmen Porto Diéguez, con n^o de código 3603552, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 10-6-2004, subscrita en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polo delegado de persoal, en data 20-5-2004. De conformidade co disposto no artigo 10 do convenio colectivo e no artigo 90.2^o e

3^o, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, nesta delegación provincial e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 15 de xuño de 2004.

Joaquín Macías Sánchez
Delegado provincial de Pontevedra

En Vilagarcía de Arousa, sendo as 10.00 horas do día 20 de maio de 2004, reúnenos nos locais da empresa M^a Carmen Porto Diéguez, a comisión negociadora do convenio colectivo da empresa, formada por Breixo Redondo Porto, con NIF 35460333-Z, en representación da empresa e Joaquín Tobío Ces, NIF 35453054-Z, en representación dos traballadores.

O obxectivo da reunión é conseguir un acordo para a sinatura da revisión salarial do convenio colectivo da empresa e fixar o incremento salarial para o ano 2004.

Unha vez analizadas as novas táboas de salarios presentadas polas dúas partes, refúndese nunha única táboa de salarios que é aceptada por ambas as partes, acordándose un incremento salarial do 6% sobre os salarios do ano 2003, e un incremento do 10% sobre a cantidade aboada aos traballadores en concepto de complemento de transporte, resultando un importe de 60,50 euros mensuais.

E, non tendo máis asuntos que tratar, por ter chegado a un acordo no incremento salarial para o ano 2004, dáse por rematada a reunión, acordándose a sinatura da nova táboa de salarios con data de hoxe.

Pola empresa

Polos traballadores

Táboa salarial ano 2004

Oficial administrativo 1 ^a	810,48 euros
Auxiliar administrativo	586,14 euros
Dependente maior	806,13 euros
Dependente	586,14 euros
Conductor-repartidor 1 ^a	595,98 euros
Conductor-repartidor 2 ^a	586,14 euros
Conductor-camión	605,81 euros
Repartidor	576,28 euros